

Pensión non Contributiva de Invalidez

Concepto:

Prestación económica individual de carácter periódico que cubre contingencias de invalidez ou deficiencia e que asegura a tódalas persoas en situación de invalidez e en estado de necesidade unha prestación económica, asistencia médico-farmacéutica gratuíta e servizos sociais complementarios, aínda que non se teña cotizado ou se cotizara de xeito insuficiente para acadar o dereito a unha pensión contributiva.

Persoas beneficiarias e requisitos:

Cidadáns españois e nacionais doutros países, con residencia legal en España que cumpren os seguintes requisitos:

- Ser maior de idade e menor de 65 anos.
- Residir legalmente en territorio español polo menos 5 anos dende que naceu dos cales 2 deben ser inmediatamente anteriores a data da solicitude.
- Persoas nacionais da Unión Europea que totalicen o período de residencia mencionado no apartado anterior no territorio de calquera estado membro.
- Ter unha discapacidade ou enfermidade crónica en grao igual ou superior ao 65%.**(1)**
- Carecer de rendas ou ingresos suficientes inferiores ao importe da pensión. **(2)**
- Que os ingresos ou rendas da unidade de convivencia non superen o límite de acumulación de recursos computado do seguinte xeito:
 - Solicitante que vive con familiares unidos por matrimonio ou parentesco de segundo grao: o límite equivale á contía, en cómputo anual, da pensión máis o resultado de multiplica-lo 70% desta polo nº de convivintes menos un.
 - Solicitante que vive con familiares de primeiro grao: o límite equivale á contía calculada anteriormente multiplicada por 2,5.

(1) Sólo a efectos da PNC de invalidez, presumirase que está afectada/o por un grao de discapacidade igual ao 65% quen teña recoñecida:

- Unha incapacidade permanente absoluta.
- Unha pensión asistencial por enfermidade con anterioridade á entrada en vigor do Real Decreto 357/1991, de 15 de marzo.
- As personas incapacitadas legalmente.

Igualmente presumirase que está afectada/o dun grao de discapacidade igual o 75% e que necesita o concurso doutra persoa para os actos esenciais da vida quen tivera recoñecida unha incapacidade permanente en grao de gran invalidez.

(2) Se os ingresos dos que se dispón, en cómputo anual, son inferiores á contía da

pensión para 2017 (5.164,60 €) e se convive con familiares, únicamente se cumpre o requisito cando a suma das rendas ou ingresos anuais de todos os membros da súa unidade económica de convivencia, sexan inferiores ás contías que se recollen de seguido:

LIMITE DE ACUMULACIÓN DE RECURSOS U.E.C 2017		
Nº Membros	2º Grao (convivencia entre cónxuxes, netos, irmáns, etc)	1º grao (convivencia entre pais e fillos)
1	5.164,60	
2	8.779,82	21.949,55
3	12.395,04	30.987,60
4	16.010,26	40.025,65

Estas contías veranse incrementadas nos casos en que se causa dereito ao complemento do 50% da pensión por axuda de 3º persoa.

Non se computan como rendas ou ingresos os seguintes:

- As asignacións económicas por fillo a cargo, teña ou non a condición de discapacitado, nas súas distintas modalidades, outorgadas polo sistema da Seguridade Social.
- As dedución fiscais de pago directo por fillos menores a cargo.
- Os subsidios de mobilidade e compensación de gastos de transporte previstos na LISMI.
- Os premios ou recompensas outorgados a persoas con discapacidade en centros ocupacionais.
- As prestacións económicas e en especie outorgadas en aplicación da Lei 39/2006 de 14 de decembro (Lei de Dependencia)
- A axuda económica para vítimas de violencia de xénero regulada no RD 1452/2005, de 2 de decembro (compatibilidade establecida na Disp. final 1ª do Real Decreto 570/2011, de 20 de abril, BOE nº 112 do 11/05/2011)

Documentación

- Solicitude | [Presentación electrónica na sede](#)

- Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non autorizar a súa consulta.
- Copia do DNI ou NIE das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de non autorizar a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade no Anexo II.
- Certificado de residencia da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de denegar a súa consulta.
- Acreditación de residir legalmente en España durante cinco anos, dos cales dous serán inmediatamente anteriores á data da solicitude.
- Certificado de convivencia.
- Certificado das prestacións e importes que figuran no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de denegar a súa consulta.
- Copia da sentenza xudicial que declare a incapacidade legal e/ou copia do documento que acredite a representación legal cando a solicitude se suscriba por persoa distinta á posible persoa beneficiaria.
- Copia do título de discapacidade ou solicitude de revisión do grao da persoa solicitante, cando proceda e só no caso de non autorizar a súa consulta ou cando este fora emitido por outra comunidade autónoma.
- Copia do título de discapacidade ou solicitude de revisión do grao das persoas que integran a unidade familiar, cando proceda e só no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II ou cando este fora emitido por outra comunidade autónoma.
- Copia da declaración da renda ou datos fiscais relativos ao último exercicio da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade familiar, só no caso de denegar a súa consulta.

Obrigas dos perceptores:

- Despois de ter presentada a solicitude se se produce algunha variación da situación persoal (cambio de residencia, variación do estado civil), económica (relación de traballos, percepción doutras pensións, etc), así como das persoas da unidade de convivencia, deberá comunicarllo á Xefatura Territorial da Consellería de Política Social.
- Presentar unha declaración anual sobre a situación económica e familiar.

Prestación económica:

CONTÍAS PNC 2017		
	CONTIA/€MES	CONTIA/€ ANO (14 pagas)

INTEGRA	368,90	5.164,60
MINIMA do 25%	92,23	1.291,15
COMPL. 3ª PERSOA	184,45	2.582,30
INTEGRA + 3ª PERS.	553,35	7.746,90
MINIMA + 3ª PERS.	276,68	3.873,52
<p>Cando existen varios perceptores da PNC na mesma unidade de convivencia sumarase á contía anual da PNC o 70% da mesma por cada perceptor a partires do segundo (este incluído). A cantidade a percibir por cada un deles será a resultante de dividir a cantidade anterior polo nº de beneficiarios/as.</p>		
2 BENEFICIARIOS/AS	313,57	4.389,91
3 BENEFICIARIOS/AS	295,12	4.131,68

No suposto de que as persoas beneficiarias dispoñan de rendas ou ingresos propios superiores ao 35% do importe anual fixado na PNC, a contía anual da pensión establecida reducirase nun importe igual á cantidade na que os ingresos persoais, en cómputo anual, excedan da porcentaxe indicada.

Non obstante, a pensión individual a recoñecer a cada persoa beneficiaria será como mínimo o 25% do importe da pensión establecida (1.291,15 €)

No caso de rendas ou ingresos procedentes dunha actividade lucrativa, será de aplicación o disposto para o caso da compatibilidade da PNC de invalidez co traballo remunerado.

Compatibilidade con:

- No caso de persoas que con anterioridade ao **inicio dunha actividade lucrativa** viñeran percibindo a PNC, durante os catro anos seguintes ao inicio da actividade, permítese a compatibilidade da pensión co salario (suma das contías en cómputo anual) ata o límite, tamén en cómputo anual do IPREM (11.554,73). No caso de exceder dito límite, a contía anual da pensión reducirase* na contía necesaria para non sobrepasalo.
- **Complemento da pensión** para aqueles beneficiarios que residan nunha vivenda alugada.

Non poderá compatibilizarse e o dereito á pensión de invalidez **suspenderase** cando:

- Os ingresos derivados da actividade laboral sexan en 2017 iguais ou superiores a 11.554,73.
- Transcorrera o prazo máximo de 4 anos a contar desde o inicio da actividade laboral e o pensionista continúe desenvolvéndoa.
- A redución indicada* de como resultado unha contía de pensión igual a cero ou unha cifra negativa.

Incompatibilidade con:

FAS, Subsidio de Garantía de Ingresos Mínimos e Axuda de Terceira Persoa da LISMI, así como coa condición de causante da Prestación Familiar por fillo a cargo con discapacidade.

Lugar de presentación:

- Servizos Sociais Comunitarios
- Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social

Prazo de presentación:

Todo o ano.